



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **47716**, que figura na orde do día da Comisión 3ª, prevista para o vindeiro 14 de xuño de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír: “esixencia para participar”, por: “preferencia de puntuación”.

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a acelerar o cumprimento dos compromisos emanados do acordo unánime tomado no Pleno do Parlamento Galego do día 13 de marzo de 2019, relativo ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega reducindo os prazos acordados para dar resposta á crecente preocupación social por esta cuestión.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 18:21:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 18:21:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **48223**, que figura na orde do día da Comisión 3ª, prevista para o vindeiro 14 de xuño de 2019.

### Emenda de adición

Engadir despois do punto e final:

“Dita estratexia será remitida ao Parlamento galego para o seu debate e a incorporación, se procede, de propostas de resolución dos Grupos Parlamentares con representación na Cámara.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 18:20:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 18:20:26**



## Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, para o acceso das empresas aos concursos de contratación pública, da existencia dun plan de igualdade en vigor que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial (doc. núm. 47716).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º. Poñer en marcha medidas de incentivo, impulso e axuda para a implementación dos plans de igualdade nas empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras con sede social en Galicia, para facilitar o cumprimento do artigo 45 da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- 2º. Implementar e potenciar de forma xeneralizada nas licitacións públicas e contratos da Administración pública galega, medidas que establezan condicións especiais para a promoción da igualdade entre homes e mulleres.
- 3º. Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social para habilitar mecanismos de control que permitan o seguimento e detección das infraccións en materia de igualdade e de non discriminación das empresas, especialmente daquelas con contratos vixentes coa Administración pública galega, e co fin de poder tomar as accións oportunas reflectidas nas condicións dos contratos asinados coa administración.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/06/2019 12:33:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2019 12:34:33**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río , ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-003857(47716)** sobre o Establecemento pola xunta de Galicia, para o acceso das empresas aos concursos de contratación pública, da existencia dun plan de igualdade en vigor que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que a administración autonómica e o seu sector público, valoren na contratación, no marco do establecido na Lexislación vixente, entre os criterios de adxudicación, que as empresas que concorran ás licitacións dispoñan dun plan de igualdade que se aplique na execución do contrato. A puntuación concreta do criterio, dentro do rango de puntuación outorgado, dependerá do contido concreto que se recolla no plan de igualdade e, en particular, das medidas de loita contra a fenda salarial que conteña."

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/06/2019 18:20:12**

**Paula Prado Del Río na data 13/06/2019 18:20:45**

